



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN PLENO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai unha década víñase celebrando na nosa cidade o Festival “Vía Stellae”, organizado e promovido polo Concello de Santiago en colaboración coa Xunta de Galicia. Unha cita anual, cunha programación baseada preferentemente na música antiga e barroca pero tamén con atención á creación actual, coa que se pechaba no mes de xullo a temporada de música clásica.

Desde a súa primeira edición en 2006 programáronse decenas de concertos, boa parte deles de balde, en distintos puntos da cidade, coa participación de primeiras figuras da escena musical europea e tamén de destacados intérpretes galegos, constituíndo non só un referente musical, senón tamén un foco relevante para alongar o atractivo cultural da nosa cidade.

Na pasada edición de 2015, a décima que se celebraba, o actual Goberno atopouse cun programa completo xa pechado no que se incluían 19 concertos durante máis de dúas semanas, a celebrar en espazos singulares do núcleo histórico compostelán (Teatro Principal e Salón Teatro; igrexas de San Fiz de Solovio, Universidade, Orde Terceira e San Domingos de Bonaval; así como o CGAC, o Hostal dos Reis Católicos e o Paraninfo da Universidade).

A pesar dunha traxectoria consolidada ao longo dunha década –ao igual que o Festival de Músicas Contemplativas que o Goberno decidiu suprimir este mesmo ano–, do constante respaldo do público e do recoñecemento dos medios informativos especializados, o Festival “Vía Stellae” non se celebrou este ano nas súas datas habituais, quebrando unha cita anual con positiva repercusión para a cultura e a economía locais.

En relación con esta cuestión, o Grupo Popular presenta a seguinte pregunta:

Cales foron os motivos polos que este ano se celebrou en Santiago o Festival “Vía Stellae”, as xestións feitas pola Concello ao respecto e as previsións para a súa próxima celebración?

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2016.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela